

REGULAMENTO TÉCNICO

CILINDRADA DOS MOTORES:

Clase I segundo Artigo 3 do regulamento deportivo. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2023

MODIFICACIÓNS AUTORIZADAS	MODIFICACIÓNS NON AUTORIZADAS
<ul style="list-style-type: none"> .- A batería pódese instalar no interior do habitáculo. .- Pódese instalar unha botella de auga para o limpiaparabrisas supletoria. .- Se pode substituír o filtro de aire orixinal por un de competición. .- Os muelles de suspensión poden ser os de serie ou os de competición, homologados pola FGA. .- A bomba de gasolina poderá substituírse. .- Pódese anular o catalizador. .- Baleirado do interior do vehículo (só tapizado do teito, portas, interiores, agás o cadro e reloxos orixinais). .- Asento tipo baquet homologado. .- Cinto tipo arnés homologado. .- Barras de seguridade homologadas. .- Volante de competición homologado. .- Os faros pódense quitar e anular, así como os intermitentes (dianteiros e traseiros), tapando os ocos. .- Pezas de recambio VO, orixinais ou de competencia, pero que figuren no tarifario de recambios do construtor. .- Autorízase a monta dun cubrecarter de protección. .- Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos no Anuario da F.G. de A. .- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles calquera modificación ten que ser consultada, e autorizada ou rexeitada, por escrito á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo. .- Autorízase a substitución das zoas acristaladas por policarbonato, agás o parabrisas que ten que ser laminado. .- Calquera cousa realizada no vehículo e non autorizada por escrito está prohibida. 	<ul style="list-style-type: none"> .- Vehículos de estrita serie. .- Cilindrada ata 1600 c.c. .- Cadro de reloxos e salpicadeiro de orixe. .- Sen crabox. .- Sen autolocante. .- Lamias de 14 pulgadas máximo. .- Pneumáticos Pirelli de medida 165/70 R14 TLST T6. .- Amortiguadores de serie (V.O.) do fabricante. .- Motor de caixa do fabricante. .- Freo de man hidráulico. .- Depósito da gasolina. .- Instalación eléctrica de serie. .- As partes metálicas interiores dos capots, de orixe, sin recortar. .- As portas de orixe, sin recortadas chapas interiores. .- Quickshift non se pode montar. .- Silencioso enteiro de serie, agás o último que se autoriza a substituílo por tubo recto. .- Defensas de serie. .- Prohibido reforzos frontais do chasis, etc. .- Cabreado que vai para as luces de atrás para que funcione a de po. .- Non se autoriza a participación de vehículos de tracción traseira.

Clase II segundo Artigo 3 do regulamento deportivo. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2023.

Clase IV segundo Artigo 3 do regulamento deportivo. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2023.

a) LUCES TRASEIRAS: Cada vehículo ten que estar provisto de dúas luces vermellas traseiras de freo (superficie mínima de iluminación por cada faro: 60 cm², lámpadas de 21W. mínimo cada unha) funcionando, ou substituíndo as luces orixinais de stop do vehículo, e se colgarán a máis de 1.15 m., e a menos de 1.50 m. de altura do chan. Estas luces débense colocar simetricamente ó plano lonxitudinal do vehículo, e paralelas ó plano transversal. Estas luces acenderanse ao pisar o freo. Cada vehículo debe estar provisto dunha luz de pó que cumprirá coas mesmas características de área e intensidade que as luces de stop. As luces de pó terán que estar prendidas durante o transcurso da proba, será de tipo antinéboa cunha superficie mínima de 60 cm² e unha lampara de 21W. O incumprimento implicará a criterio dos Comisarios Deportivos a descalificación da proba. Esta luz terá que ir situada no eixe lonxitudinal do vehículo, debendo funcionar permanentemente desde a posta en marcha do vehículo, estará prohibido calquera dispositivo que a desconecte, e terá que ser claramente visible dende atrás. As luces con "leds" están autorizadas sempre que a luminosidade sexa igual ou superior ás luces convencionais.

b) ARGOLAS DE REMOLQUE: Cada vehículo debe ser equipado diante e detrás cunha argola de remolque, pintada de cor vivo, amarelo, vermello ou laranxa, que non debe sobresaír do perímetro do vehículo, diámetro exterior mínimo de 80mm, irá solidamente fixada a estrutura dianteira e traseira, o interior mínimo será de



60 mm. e o espesor de 8 mm. Estas argolas deben notarse de tal maneira que sexa fácil a súa localización. Homologadas e a súa montaxe seguirá as instrucións do fabricante.

c) ASENTOS DO PILOTO, FIXACIÓNS E SOPORTE. Estará solidamente fixado a carrocería. Nas Clases I, II, e IV será obrigatorio usar un asento homologado. As súas fixacións e soportes seguirán as Prescricións do Anexo J (Art. 253.16). É obrigatorio retirar os asentos dos pasaxeiros.

d) PARABRISAS E XANELAS: Deberá ser de cristal laminado, será obrigatorio montar catro chapas de seguridade para evitar que salte o parabrisas, podendo substituír os cristais das portas dianteiras, por policarbonato dun espesor mínimo de 3mm. Permítese eliminar tódolos cristais restantes. No caso de rotura do parabrisas durante a realización da proba, deberase substituír ese, por outro parabrisas novo de similares características o anterior, ou poderase instalar unha reixa metálica. Esta reixa terá que ter unha dimensión das aberturas como máximo de 25x25 mm e o espesor mínimo de fío será de 1 mm. O casco a usar neste caso deber ser o de Car cross. Os parabrisas que non estean en perfecto estado (sen roturas nin desgarras) non serán aceptados, e serán motivo suficiente de exclusión da proba. As fiestras dianteiras cando sexan de cristal deberán levar na súa parte interior unha lamina antiroturas traslúcida e incolora. Recoméndase o uso dunha rede homologada fixada a gaiola de seguridade que cubra o oco da fiestra do piloto ata o entro do volante. As súas bandas terán unha anchura de 19 mm., e os buracos estarán comprendidas entre 25x25 mm e 60x60 mm.

e) RODAS DE RECAMBIO: No se admiten no interior do vehículo.

f) RODAS E PNEUMÁTICOS: Os tapacubos das rodas deben eliminarse. A roda completa (aro+lamia+pneumático inchado) deberá entrar en todo momento nun protector en forma de U nos que os labios estarán distantes entre eles 250 mm. A medida efectuarase nunha parte do pneumático sen carga. O diámetro da lamia pódese aumentar ou reducir en 2 pulgadas con relación á medida de orixe (isto substitúe o Artigo 255.5.4. do Anexo J).

g) TOMAS DE AIRE DO MOTOR: Poderanse situar no interior do compartimento do piloto, coa condición de que están provistos dun filtro ignífugo.

h) ACELERADOR: Deberase montar un dispositivo para cerrar o acelerador no caso de non funciona-lo seu acoplamento, por medio dun resorte exterior que actúe sobre cada mariposa.

i) FREO DE MAN: É obrigatorio un freo de man eficaz; debe actuar simultaneamente, sobre as dúas rodas dun mesmo eixe.

j) PROTECCIÓNS INFERIORES: Admítense.

k) DEPOSITO DE COMBUSTIBLE: Recoméndase a utilización do depósito de combustible de serie (Clase I e II). Son obrigatorios os depósitos FT3 e FTA, no caso de montarse un depósito que non sexa de orixe (mesma ubicación), e debe situarse fora do habitáculo do piloto e a un mínimo de 30 cm. do chasis. No caso de ir no habitáculo (método non recomendado) deberá ir cuberto por unha caixa metálica estanca, ou por unha mampara metálica perfectamente estanca dende o chan do vehículo ata o teito do mesmo. O tapón de enchido do tanque terá que ter un depósito arredor do seu perímetro para posibles perdas de combustible no enchido. Este deberá ter unha canalización cara o exterior do vehículo para desagüe. Non poderá ter o enchido da gasolina dende o exterior se o depósito vai no habitáculo. O depósito de combustible terá unha capacidade máxima de 10 litros, cando non sexa o depósito de orixe do vehículo. En ningún caso a boca de enchido debe sobresaír da carrocería, e esta debe ser estanca.

l) CORTACIRCUÍTOS ELÉCTRICOS: De conformidade co Artigo 253.13. do Anexo J deberase montar no lado esquerdo por diante do parabrisas. Terá claramente indicadas as posicións de apertura e peche e estar sinalizado por un triángulo azul, con borde branco de 12 cm. de lado cun relámpago vermello no seu interior. O cortacircuíto deberá cortar tódolos circuitos eléctricos e igualmente debe deter o motor.

m) DISPOSITIVO ANTIRROUBO: Deberanse eliminar das columnas de dirección.

n) ARNÉS DE SEGURIDADE: Recoméndase a utilización dun arnés de 6 ancoraxes. Cada vehículo estará equipado cun arnés de seguridade dun mínimo de 4 puntos de ancoraxe, sendo de banda ancha e peche "tipo aviación" conforme ás especificacións publicadas pola F.I.A. no Artigo 253.6 do Anexo J. As dúas bandas dos ombros deben ter puntos de ancoraxe independentes, será obrigatorio levalo abrochado, so pena de exclusión, durante todo o transcurso da proba, inclusive calquera movemento no parque pechado ou en parrilla de presaída.

o) ESCAPE: Está autorizado eliminar o silencioso do escape. A tubería débese orientar cara a atrás ou lateralmente. No caso de saída traseira, os buracos do tubo de escape débense de situar a unha altura máxima



de 45 cm. e mínima de 10 cm. con relación ó chan e non deben exceder en máis de 15 cm. o punto máis saínte traseiro do vehículo. No caso dunha saída lateral, esta estará limitada cara a diante por unha liña vertical que pasa pola metade do habitáculo e non deberá presentar ningún punto saínte en todo o perímetro da carrocería. Ademais, deberase prever unha protección eficaz para evitar que o tubo quente poda provocar queimaduras. Débense respectar os límites de ruído establecidos.

p) FALDÓNS: Colocaranse faldóns detrás de tódalas rodas dun material flexible cun espesor mínimo de 3 mm. e unha altura máxima dende o chan de 5 mm. A súa anchura deberá ser, como mínimo 5 cm. maior ca anchura da roda. Os faldóns deberán colocarse de tal forma que sigan o contorno da roda ata chegar o plano horizontal delimitado polo eixe da roda na súa parte traseira. Non deberan situarse a unha distancia superior a 5 cm. do diámetro total da roda. Nos vehículos da Clase I e II os faldóns deberán colocarse no espazo delimitado entre a roda e a aleta ou paragolpes correspondente. Debendo de sobresaír das aletas, nas rodas dianteiras, un mínimo de 5 cm.

q) CARBURANTE: Soamente se utilizará carburante comercial (segundo a definición do Anexo J 252.8).

r) CARROCERÍA: Tódolos vehículos deben ser modelos cerrados de teito ríxido e non descapotables.

B) CARROCERÍAS-CHASIS:

b.1. CARROCERÍA: Debese conserva-la forma exterior da carrocería de orixe. No concernente ás aletas está prohibida a utilización de calquera tipo de reforzo interior, como por exemplo espuma de poliuretano ou similar. Os limpiaparabrisas son libres, pero debe existir alomenos un en estado de funcionamento. As defensas dianteira e traseira terán que ser desmontables nas Verificacións Técnicas (recomendase os peches de tipo americano), prohibíndose calquera tipo de reforzo interior, como por exemplo espuma de poliuretano ou similar.

b.2. CASCO-CHASIS: Non se pode realizar modificación ó casco de serie ou ó chasis, na clase I e II, salvo no concernente ó alixeiramento da estrutura base de orixe por retirada de material e/ou adición de reforzos.

b.3. PORTAS-CAPOS MOTOR-MALETEIRO: O seu material é libre a condición de conserva-la súa forma de orixe, agás na porta do piloto que deberá ser a de orixe. As bisagras das portas e os seus mandos exteriores son libres. A pechadura de orixe do piloto débese conservar, pero pódese quita-la guarnición. As fixacións dos capós, motor e maletas, así como as súas bisagras son libres, pero deben ter catro puntos de fixación. A apertura desde o exterior deberá ser posible, débese elimina-lo dispositivo de serie de orixe (ou facelo inoperante). Autorízase a practicar ocos de aireación no capó do motor, sempre que non se permitan ve-los elementos mecánicos. En calquera circunstancia, os capós poderán ser intercambiabes nos capós de orixe homologados.

b.4. BURACOS DO HABITÁCULO: Poderanse practicar na carrocería ocos para ventilar o habitáculo a condición de:

- Que se sitúen debaixo o borde traseiro do teito por encima do cristal traseiro e/ou na zona comprendida entre o cristal lateral traseiro e o cristal traseiro.

- Que non se formen saídas fora da liña da carrocería.

C) DISPOSITIVOS AERODINÁMICOS: Vistos desde arriba, os dispositivos aerodinámicos non deben seguir obrigatoriamente o contorno da forma do vehículo. Os que non están homologados de serie débense inscribir na proxección frontal e na planta do vehículo.

c.1. DIANTEIROS: Non poderán exceder en máis de 10% da batalla do vehículo (medida efectuada a partir do límite anterior da carrocería) e non poderán en ningún caso, adiantar en máis de 20 cm. do límite anterior da carrocería de orixe. Deberanse instalar obrigatoriamente por debaixo do plano horizontal que pasa pola metade da roda e pódense situar entre a parte suspendida máis baixa e o chan.

c.2. TRASEIROS: Non poderán exceder en máis dun 20% a batalla do vehículo (medida efectuada a partir do límite posterior da carrocería) e non poderán en ningún caso, adiantar en máis de 40 cm. o límite posterior da carrocería de orixe.

D) ALETAS: O material e a forma das aletas é libre. De todas formas, a forma de apertura do paso de roda débese manter, pero elo non implica que se manteñan as dimensións de orixe.

- As aletas deben cubri-las rodas de maneira que as protexan eficazmente, ó menos un terzo da súa circunferencia, e alomenos toda a anchura do pneumático.

- Buracos de enfriamento pódense practicar nas aletas. De todas maneiras, caso de realizarse por detrás das rodas traseiras unhas persianas deben impedi-la visión do pneumático traseiro desde un plano horizontal.

- O interior das aletas é libre, permítese consecuentemente, a instalación de elementos mecánicos, pero elo



non debe ser en ningún caso un pretexto para o reforzo das aletas.

E) FAROS: Teranse que eliminar tódolos faros exteriores, e tapalos buratos con calquera tipo de material ríxido de alomenos 2 mm. de espesor. Poderanse realizar tódolos taladros necesarios cun diámetro máximo de 1 cm. en cada emprazamento do faro para refrixeración.

F) MOTOR: O motor é libre a tódolos efectos, pero coa salvedade de que ten que ir ubicado no mesmo vano motor que o orixinal.

- O motor débese situar no compartimento do motor orixinal, so pena de exclusión da proba.

- Non se admiten motores xemelgos, a menos de inscribirse na división IV (Grupo P) de estar homologados desta forma.

G) INTERIOR: A guarnición interior, os paneis das portas, etc., son libres e poderanse eliminar sempre e cando as arestas vivas queden perfectamente cubertas por un material plástico.

- O taboleiro de a bordo que leve arestas vivas deberá leva-las perfectamente cubertas por un material plástico.

- O asento completo debe estar situado a un ou outro lado dun plano lonxitudinal e vertical que atravesese o eixe do vehículo.

- As pantallas que separan o habitáculo do emprazamento, forma e materia de orixe, a instalación de elementos contra ou a través dunha de ditas pantallas estará autorizada, sempre de non ocupar máis de 200 cm. (medida perpendicularmente ó borde superior da pantalla) do habitáculo. Esta posibilidade non se aplica, nembargante, ó bloque, cárter, cigüeñal ou culata.

- Autorízase a modificación do chan, coa condición de que non supere a altura da porta. En dito caso, o chan de orixe poderase quitar. Están igualmente autorizadas as modificacións necesarias para instalar unha nova transmisión.

- As tuberías, canalizacións e cables eléctricos que atravesan o habitáculo deberán ser conformes ó Artigo 253.3.2 do Anexo J.

- Agás dos elementos instalados contra ou a través das pantallas, só se poderán instalar no habitáculo os seguintes accesorios: extintor, aire médico, lastre, arco de seguridade. Non se poderán instalar conducións de aire para os radiadores e o motor.

H) DEPÓSITOS DE ACEITE E AUGA DE REFRIXERACIÓN: Estarán separados do habitáculo por unha mampara metálica estanca ou por unha caixa metálica perfectamente estanca de maneira que no caso de rotura ou fuga do depósito, o líquido non poida penetrar no interior do habitáculo.

I) BATERÍAS: Son libres, pero estarán fixadas solidamente e, se están situadas no habitáculo, deberán ir recubertas por unha caixa metálica perfectamente estanca. Deberanse recubrir os bornes da batería cun material illante para evitar cortacircuitos. Se a batería desprázase da súa posición orixinal, a fixación á carrocería debe estar formada por un soporte metálico e dous abrazadeiras metálicas cun revestimento illante ancorados ao chan por medio de pernos e porcas. Para fixar estas abrazadeiras deberanse utilizar pernos dun diámetro mínimo de 10 mm, e baixo cada un, unha con baixo da chapa da carrocería de, polo menos, 3 mm de espesor e, polo menos, 20 cm² de superficie (ver debuxos 255-10 e 255-11)

J) SUSPENSIÓN: O tipo de suspensión homologado débese conservar (exemplo: MacPherson, De Dion, brazos oscilantes, etc.). De todas formas, permítense reforzar ou modifica-los puntos de fixación e modificar ou substituír os órganos de unión do sistema de suspensión.

- O tipo de número de resortes e amortiguadores é libre.

K) TRANSMISIÓN: O radiador de auga, así como a súa capacidade é libre. O seu emprazamento é libre, a condición de que non se coloque no habitáculo.

- Autorízase a montaxe de ventiladores de refrixeración suplementarios.

- Pódese montar unha pantalla para o radiador coa condición de que non sexa un reforzo do chasis.

M) FREOS: Libre, pero debe existir un dobre círculo de freo comandado polo mesmo pedal definido como segue:

- A acción do pedal debe exercerse normalmente sobre tódalas rodas.

- En caso de fuga nun punto calquera da canalización ou dun fallo, sexa cal sexa na transmisión do freado, a acción do pedal debe continuar exercéndose, ó menos, sobre dúas rodas.

- O freo de man eficaz é obrigatorio, debe actuar simultaneamente sobre as dúas rodas dun mesmo eixe.

N) ELEMENTOS MECÁNICOS: Ningún elemento mecánico poderá sobresaír da carrocería de orixe do vehículo, agás no interior das aletas.



O) ARCO DE SEGURIDADE: É obrigatorio, de conformidade coas prescricións do artigo 253.8.2.1.2 do Anexo J (Vehículos de turismo). Levarán unha prancha de reforzo (en cada unha das barras en contacto co piso do vehículo) de 120 cm² e irán suxeitas a barra mediante soldadura continua, e suxeitas ó piso mediante 3 parafusos pasantes con porca, segundo o artigo 253.8.2.2.2. do Anexo J. A barra do arco central será dunha soa peza de aceiro estirada en frío.

O material e espesores empregados na construción da gaiola de seguridade son os descritos no artigo 253.8.3 do Anexo J.

P) BOMBAS DE ACEITE: Son libres. Recoméndase a colocación das bombas no seu lugar de orixe. Cando estas fosen no habitáculo deberán ir recubertas por unha caixa metálica perfectamente estanca.

C) RECUPERADOR DE ACEITE: Se o sistema de lubricación previse unha saída o aire libre, deberá estar equipado dun recuperador de aceite transparente dunha capacidade mínima de 2.000 c.c. e a súa toma deberá ser pola parte superior do recipiente. Deberá ir provisto dunha canalización de aireación dende a parte superior do recuperador cara o exterior.

R) CONTARREVOLUCIÓNS: Tódolos vehículos deberán estar equipados cun contarrevolucions do motor en perfecto estado de funcionamento.

S) TELEMETRÍA: Prohíbese a utilización de telemetría.

T) EXTINTOR MANUAL: Será obrigatorio a instalación de dúas abrazadeiras metálicas de apertura rápida firmemente suxeitas o piso do vehículo, para a suxeitar o extintor. A capacidade do extintor será como mínimo de 6 kg. Recoméndase a instalación dun sistema de extinción automático homologado segundo o Anexo J. Podéndose substituír o extintor manual por este sistema de extinción.

U) PROTECCIÓN DO CÁRTER: Autorízase a montaxe de protectores de cárter sen que elo supoña un reforzo adicional.

V) ESPELLO RETROVISOR: Será obrigatoria a colocación de dous espellos retrovisores situados no exterior a cada lado do vehículo.

W) LUVAS: Será obrigatorio a utilización de luvas homologados, conforme a norma ISO 6940.

